



ACTO DO O IESCHA NA XIRA DO SAN RAMÓN'2019 II MOSTRA INTERACTIVA DE XOGOS TRADICIONAIS

A cargo de XOTRAMU de Muimenta

PARA XENTE NOVA E MAIORES

SÁBADO, 24 DE AGOSTO DE 2019 – 18:00 HORAS

NO CAMPO DE FÚTBOL POR RIBA DAS PISTAS DE TENIS DA MADALENA



O Instituto de Estudios Chairegos "Pena do Encanto" (Iescha), en colaboración co **Concello de Vilalba**, organiza, por segundo ano consecutivo, a **MOSTRA INTERACTIVA DE XOGOS TRADICIONAIS**, a cargo de **XOTRAMU**, de Muimenta, para a xente nova e para maiores, o sábado, día **24 de agosto**, ás **18:00** horas, no campo de fútbol por riba das pistas de tenis da Madalena, e coincidindo coa **Xira do San Ramón'2019**.

XOTRAMU. - Todo empezou hai xa uns anos, cando un dos membros de Xotramu, xogador de birlos da zona, se dispuxo a reconstruír xogos que só permanecían na memoria dos nosos maiores. Xuntámonos un grupiño entusiasta de amigos dunha pequena vila da provincia de Lugo (Muimenta) con moita ilusión por conseguir a recuperación desta parte da nosa historia. Fixemos un interesante e emocionante traballo de campo entrevistando á xente maior desta zona e doutros lugares, lemos libros recopilatorios de xogos tradicionais e así fomos descubrindo curiosidades como que en Galicia hai catro modalidades do xogo da chave, que existen diferentes regras para xogar ós birlos, que o mesmo xogo responde a distintos nomes según o lugar onde se practique: billarda, estornela...

Cada día que pasaba, medraba o noso entusiasmo e así foi como nos embarcamos na emocionante aventura de organizar unha Xornada de Xogos Tradicionais en Muimenta. Contabamos cunhas instalacións axeitadas (1500m² de terreo do pobo no recinto onde se celebra cada ano Moexmu e maila Festa da Filloa), un grupo de xente implicada no proxecto e disposta a adicar horas da súa vida persoal a esta iniciativa e só nos faltaba a colaboración de xente con experiencia neste tema, xente que puidese asesorarnos.

Así foi como contactamos con Brinquedia e mais coa AGXPT e o que se ía quedar nuns xogos locais convertiuse na celebración dunha completa Xornada de Xogos Tradicionais na que se involucrou coa súa participación xente de distintas Asociacións de Galicia, Portugal e Asturias. Daquela seguimos abordando con ilusión e entusiasmo o proxecto pero tiñamos outra dificultade: o custo económico que supoñía levar adiante unha iniciativa desta envergadura. Contamos coa aportación, na medida das súas posibilidades, da área de Cultura da Deputación de Lugo e da Fundación Terra Chá de Vilalba. (...)

Este entusiasmo que sentimos en Xotramu queremos compartilo con todos e todas vós e por esa razón chegamos tamén ás redes sociais de tanta actualidade hoxe en día para, desde aquí, convidaros a vivir os recordos que nos traen os xogos tradicionais. (<http://xotramu.blogspot.com/2010/10/os-comezos.html>)